

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de novembro de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cincos minutos do día oito de novembro de dous mil catro e baixo a presidencia da segunda tenente de Alcaldesa, D<sup>a</sup> Lucía Molares Pérez, por ausencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro, D. Ignacio López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.(1398)- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións do 4, 11 e 18 de outubro de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2.(1399)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 131/2004 INTERPOSTO POR D. ELIAS MORAÑA MERA CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE REC. DE REPOS. INTERPOSTO CONTRA SANCIONS TRIBUTARIAS POLO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 1.10.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por ELIAS MORAÑA MERA contra resolución de data 16.10.2003, dictada polo delegado de Economía e Facenda do Concello de Vigo, que desestima o recurso de reposición interposto polo recorrente fronte á resolución de data 10.06.03 pola que lle impoñen dúas multas de 351,92 € 3.167,31 €, derivadas das actas de conformidade 1097 e 1098, resolución que confirmo na súa integridade, ao entendela axustada a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Inspección e Administración de Tributos.

**3.(1400)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 145/04 INTERPOSTO POR Dª Mª JOSE MAYI MALDONADO CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOBERNO LOCAL ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE DANOS POR CONTÍA INFERIOR Á SOLICITADA POLA RECLAMANTE. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 24.09.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por Mª JOSE MAYI MALDONADO contra resolución de data 16 de febreiro de 2004, adoptada pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, pola que, estimando a reclamación formulada pola demandante polo mal funcionamento dos servizos públicos, acordouse indemnizala na cuantía de 1.500 euros; resolución que modifíco, ao entendela contraria a dereito; sinalando como cantidade total na que habera ser indemnizada a actora, a de 3.000 €. Sen condea en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Vías e Obras e Patrimonio.

**4.(1401)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 164/2004 INTERPOSTO POR CORREOS E TELÉGRAFOS S.A. EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DE TAXAS CORRESPONDENTE Á ENTRADA DE VEHÍCULOS-2003. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 20.10.04, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por CORREOS Y TELEGRAFOS S.A., contra a resolución do Concello de Vigo, de data 8 de marzo de 2004 desestimatoria do recurso de reposición interposto pola recurrente, fronte a resolución de data 12 de decembro de 2003, dictada no expte nº 30.083.516/2004, pola que se efectúa a liquidación definitiva de taxas do exercicio 2003, correspondente a entrada de vehículos, por un total de 577,02 €; actos que confirmo, ao entendelos axustados a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ao departamento municipal de Administración de Tributos.

**5.(1402)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 435/2004 INTERPOSTO POLA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CONTRA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ESTABLECEMENTO DE SERVIZOS MÍNIMOS POR FOLGA DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 6.10.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA contra decreto da Alcaldía-Presidencia do Concello de Vigo de 1 de xullo de 2004, polo que se establecen os servizos esenciais con motivo da folga no transporte colectivo urbano da cidade de Vigo; resolución que confirmo ao entender que non vulnera o dereito fundamental de folga recoñecido no artigo

28.2 CE. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade, Tráfico e Transporte.

**6.(1403)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 138/04 INTERPOSTO POR D. PABLO VIDAL GONZÁLEZ CONTRA RESOLUCIÓN DE 2.02.04 DESESTIMATORIA DE REC. REPOS. CONTRA CUALIFICACIÓN EN PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 5.10.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por PABLO VIDAL GONZALEZ contra a resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Vigo de 2 de febreiro de 2004, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo actor fronte ao Acordo no que se reflicten as cualificacións definitivas correspondentes ao segundo exercicio práctico do concurso oposición convocado no B.O.P de data 5 de maio de 2003, polo que se ofertaban 8 prazas de Axudante de Oficios do Concello de Vigo; resolución que confirmo, ao entendela axustada a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido de sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Persoal.

**7.(1404)- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4513/01 INTERPOSTO POR Dª JOSEFA SALGADO VIDEIRA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 8.10.04 dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. JOSEFA SALGADO VIDEIRA contra desestimación presunta do Concello de Vigo a reclamación de responsabilidade patrimonial que inicou expte. 13504/240 de 26.10.2000 por lesións sufridas como consecuencia de caída na c/ Gran Vía. Condeamos á Administración demandada a que abone á actora a cantidade de 3258,79 euros (542.217 ptas), cos intereses de dita cantidade dende a data da súa reclamación ata o seu completo pago; sen facer especial condea en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Vías e Obras.

**8.(1405)- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4332/01 INTERPOSTO POR D. AMADOR RODRÍGUEZ ALONSO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA DECLARACIÓN DE INADMISIBILIDADE DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 6.10.04, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso administrativo interposto por D.Amador Rodríguez Alonso contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo do recurso de reposición interposto contra súa resolución de 23.11.00, que declarou inadmisibile a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polo actor en relación cos danos sufridos polo vehículo PO-8807-AS ao colisionar cunha valla o 20.11.99 na rúa García Barbón, actos que anulamos por ser contrarios a dereito, e declaramos o do recurrente a que a Administración demandada lle indemnice na cantidade de 742,50 € (123.542 ptas). Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que debera darse conta aos departamentos de Vías e Obras e Tráfico.

**9.(1406)- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4264/01 INTERPOSTO POR ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE VIGO CONTRA INCUMPRIMENTO DO CONCELLO DE VIGO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA APOIO E PROMOCIÓN DO COMERCIO EN NADAL DO 98-99. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 20.09.04, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE VIGO” contra o incumprimento polo Concello de Vigo, do convenio de colaboración suscrito o 4 de xaneiro de 1999, e en consecuencia condear á Administración demandada ao cumprimento do referido convenio de colaboración. Non se fai especial condear en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**10.(1407)- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5074/00 INTERPOSTO POR TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO S.A. CONTRA ACORDOS PLENARIOS DO 29.09.00, 25.02 E 26.04.01 DE APROBACIÓN DE PREGOS DE CONDICIÓN E ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RSU E LIMPEZA VIARIA E DE PRAIAS. INADMISIBLE O RECURSO.**

Dáse conta da sentenza de data 8.10.04, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarar inadmisibile o recurso contencioso-administrativo interposto por “TRANVÍAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A.” contra acordo do Concello de Vigo de 29.09.00, que aprobou T.R. do Pliego de Cláusulas administrativas particulares do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e praias, en canto se refire á Cláusula XIV-Sobre 1; sen facer especial condear en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Contratación e Limpeza.

**11.(1408)- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DE DÚAS TÉCNICAS DE BENESTAR SOCIAL AO “I CURSO DE ESPECIALISTA EN MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN E CONFLICTO SOCIAL”. EXPTE. 11078/301/04.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta das técnicas de Benestar Social, do 26.10.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado de Facenda e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Ratificar a autorización de asistencia ó curso denominado “I Curso de especialista en menores en situación de desprotección e conflito social”, unha vez obtida a preceptiva do Concelleiro-Delegado de Asuntos Sociais e o conforme do Xefe de Sector de Acción Social.

SEGUNDO.- Aproba-lo gasto de 1830 euros polas taxas de inscrición no curso con cargo a partida 3130-1620000, que serán satisfeitas do seguinte xeito:

No ano 2004.....	876 euros
No ano 2005 .....	<u>954 euros</u>
TOTAL.....	1.830 euros

TERCEIRO.- Aproba-lo pago de 875 euros para facer fronte ao gasto do ano 2004, con cargo á partida 3130-1620000 que se librarán mediante orden pago a xustificar a nome de María Sierra Abraín, D.N.I. 36.064.483-T (438 euros) e M<sup>a</sup> José Quintela Rodríguez, D.N.I. 35.995.956-J (438 euros), solicitando no exercicio 2005 sendos pagamentos a xustificar por importe de 954 euros para o pago total das taxas de inscrición.

CUARTO.- Autorizar unha redución de xornada dunha hora os venres lectivos, a fin de que sexa posible chegar o lugar de impartición –Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo- no campus da Universidade de Vigo as 16,30 horas.

**12.(1409)- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 11.719,14 € A FAVOR DE FUJITSU ESPAÑA S.A. POLOS SERVIZOS REALIZADOS DE SOPORTE E ADMINISTRACIÓN INFORMÁTICA DO ARQUIVO PACHECO DE 2002. EXPTE. 8299/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.10.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura do 26.04.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a indemnización substitutiva de 11.719,74 € (once mil setecentos dez e nove euros con setenta e catro céntimos), IVE incluído, a favor da empresa FUJITSU ESPAÑA S.A., CIF A83321646, por servizos de soporte e administración informática do arquivo Pacheco en 2002, conforme á factura VRP/22001223, de data 12.03.03, por importe de 11.719,74 €.

2º.- Imputar o gasto á partida 4510.227.06.00 “Distintos traballos técnicos” do presuposto prorrogado.

**13.(1410)- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 4810/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.10.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda outorgar as seguintes subvencións:

- Agrupación Deportiva Xogara con CIF G 36655033 pola organización da actividade Os nosos xogos populares unha subvención de 600 €.
- Club Ciclista Meixoeiro con CIF G 36720951 pola organización do evento 9º Trofeo Ciclista Festas de Vigo unha subvención de 1.000 €.

- Club Ciclista Meixoeiro con CIF G 36720951 pola organización do evento 13 marcha ciclista sempre xoven unha subvención de 500 €.
- Club Ciclista Meixoeiro con CIF G 36720951 pola organización do evento 16 Gran Premio Ciclista Meixoeiro unha subvención de 500 €.
- Club de Campo de Vigo con CIF G 36613685 pola organización do evento Concurso Internacional de Tenis unha subvención de 9.000 €.
- Club Petanca Ensino con CIF G 36798866 pola organización do evento 4º Encuentro Nacional Concello de Vigo unha subvención de 3.000 €.
- Federación Gallega de Tenis con CIF G 15102767 pola organización do evento 3º Torneo Internacional de Tenis Femenino unha subvención de 9.000 €.
- Federación Gallega de Atletismo con CIF G 15103500 pola organización do evento Gran Premio Ciudad de Vigo subvención de 9.000 €.
- Federación Gallega de Ciclismo con CIF G 36644870 pola organización do evento Campeonato de Galicia de Elite, sub 23, sub 21, en Carretera subvención de 12.000 €.
- Federación Hipica Gallega con CIF G 36657955 pola organización do evento Torneo Internacional de Horseball unha subvención de 4.000 €.
- Prado Surf Clube con CIF G 36850014 pola organización do evento Campeonato Internacional Skate Ciudad de Vigo unha subvención de 5.000 €.

Este gasto irá contra o crédito da partida 4521 4890001 subvencións a eventos deportivos.

**14.(1411)- SOLICITUDE DA SECCIÓN DE DEPORTES DA DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTES E VOLUNTARIADO PAR REALIZAR UNHA PROBA DE CAMPO A TRAVÉS DO “PROGRAMA DE DEPORTES EN IDADE ESCOLAR CURSO 2004-2005” NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 4848/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Sección de deportes da delegación de Pontevedra da Consellería de Familia, Xuventude, Deportes e Voluntariado da Xunta de Galicia, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD do 21.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a sección de deportes da delegación de Pontevedra da consellería de Familia, Xuventude, Deportes e Voluntariado da Xunta de Galicia, a celebrar a primeira xornada de campo a través correspondente o programa de deporte en idade escolar curso 2004/2005, que se desenvolvera no Parque de Castrelos o vindeiro día 14 de novembro de 2004 entre ás 10:30 h. e ás 13:00 h.

**15.(1412)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓN COMARCAIS DOS SINDICATOS DE CCOO, UGT E CIG PARA O ANO 2004. EXPTE. 2306/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.10.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 13.10.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e as Unións Comarcais dos Sindicatos de Comisións Obreiras –CCOO-, Unión General de Trabajadores –UGT- e Confederación Intersindical Galega-CIG- para o ano 2004, que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar e dispoña un gasto por importe total de 41.455 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, distribuído por terceiras e iguais partes a a favor das devanditas Unións Comarcais, con cargo á partida orzamentaria de Participación Cidadá, 463.1.489.00.00.

3º.- Delegar a sinatura do Convenio na Concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Dª Lucía Molares Pérez”.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓN COMARCAIS DOS SINDICATOS: UGT,CCOO, E CIG.*

*Na cidade de Vigo, na Casa do Concello, o día.....de..... de 2004,*

REUNIDOS

*Dunha parte, Dna. Lucía Molares Pérez, concelleira Delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (CIF- 3605700-H), con enderezo en Vigo, praza do Rei s/n.*

*Doutra parte,*

*D.Santos Héctor Rodríguez Díaz, (DNI 36.008.431), secretario xeral da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores de Vigo, UGT, CIF- G15/383011,*

*D. Xosé Cameselle Romero, (DNI 35.985.378), secretario xeral da Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo, CCOO, CIF G-3667668.*

*D. Xerardo Abraldes Fernández, (DNI 36.040.431), secretario xeral da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega, CIG, CIF G-36706927.*

*Ambas as dúas partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,*

## EXPOÑEN

*Que nun estado social e democrático de dereito como é o noso, a participación dos sindicatos no correcto funcionamento do sistema democrático é fundamental. A Constitución española de 1978, no seu título preliminar, art.7, recoñécelles aos sindicatos a contribución que teñen na defensa dos intereses económicos e sociais que lles son propios.*

*O Concello de Vigo vén realizando no presente mandato, esforzos co fin de permeabilizar a actuación pública dos seus órganos políticos e administrativos. O obxectivo trazado con carácter prioritario, fúndase no convencemento de que unha sociedade democrática e participativa é aquela que coñece cabalmente a actuación dos seus poderes públicos, e a súa vez coparticipan na toma de decisións, formulando propostas e analizando solucións.*

*Este labor baséase na articulación da participación cidadá , por medio de entes ou organizacións que detectan, indican e colaboran na solución das distintas problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora das condicións de vida e progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.*

*As organizacións sindicais, como organizacións non lucrativas e de interese social, non son alleas a este fin. Nunha cidade como a nosa, é doado recoñecer a importancia das organizacións sindicais á hora de definir o perfil humano e sociolóxico do cidadán vigués. Os sindicatos sempre acadaron unha longa experiencia na prestación de determinados servizos sociais e na consecución de proxectos empresariais de carácter xeral.*

*Dado o interese do anteriormente exposto,O Concello de Vigo e as mencionadas entidades sindicais, veñen asinando desde a súa aprobación o 30 de decembro de 1992, un convenio de colaboración co fin de establecer un marco conxunto que permita materializar a presente declaración de intencións, e coordinar os seus obxectivos.*

*Atendendo o Regulamento de participación cidadá, as devanditas seccións comarcais dos sindicatos, atópanse inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello, CCOO: 487/96, UGT: 488/96 e CIG: 489/96.*

*En consecuencia, as entidades intervenientes proceden á formalización do presente convenio, aprobado pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo con data..... de acordo coas seguintes*

## CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

*O obxecto do presente convenio é regular a colaboración e cooperación das catro entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a prestación descentralizada dun servizo de información e atención á cidadanía e o desenvolvemento dun conxunto de accións sociais de interese xeral para o cidadán que veñen referendadas nas memorias que se achegan como anexo 1.1 ao convenio.*

Segunda.- Ámbito territorial:

*O ámbito de desenvolvemento das actividades do presente convenio, é o termo municipal de Vigo.*

Terceira.- Destinatarios das actividades:

As actividades recollidas no presente convenio, estarán destinadas ao público en xeral, e en particular aos afiliados das respectivas seccións sindicais. O acceso será público e gratuíto. O número de asistentes limitárese ao aforo do lugar onde se realicen.

Cuarta.- Supervisión, seguimento e avaliación:

Para a supervisión do convenio, así como para establecer os criterios non previstos no funcionamento do servizo de información, crearase unha comisión de seguimento, presidida polo/a concelleiro/a de Participación Cidadá ou persoa en quen delegue, e composta por unha persoa proposta por cada un dos sindicatos asinantes, que o tempo farán de interlocutores ante o Concello, e o técnico municipal da Concellaría de Participación Cidadá que actuará de secretario.

O mecanismo de seguimento da prestación do servizo e das actividades que derivan do presente convenio, establécese baseándose nos informes trimestrais que emitirán as organizacións sindicais das actividades realizadas, a memoria final anual, e demais documentación e información esixida na cláusula decimo primeira, sen menoscabo da presenza do persoa da Concellaría de Participación Cidadá nas actividades que esta determine. Deberáselle informar á Comisión de Seguimento de cantas inobservancias, incumprimentos ou anomalías se detecten no desenvolvemento deste.

Correspóndelle a Xefatura de Participación Cidadá do Concello de Vigo, a emisión da certificación que acredite e xustifique o cumprimento do convenio.

Quinta.- Vixencia:

A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2004.

De non existir denuncia expresa previa dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, poderase prorrogar por períodos anuais naturais tras a solicitude de prorroga das entidades sindicais e acordo dos respectivos órganos competentes de ambas as dúas entidades asinantes. Neste recolleranse os novos programas e accións para desenvolver, así como as posibles actualizacións das axudas económicas.

Os gastos subordinaranse a existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos do Concello de Vigo.

En todo caso, a vixencia non excederá do prazo máximo de tres anos.

Sexta.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo:

1.- O Concello resérvase as prerrogativas de interpretar o presente Convenio, modificalo, resolvelo, vixiar polo seu cumprimento e dictar instrución de obrigada observancia para a súa mellor execución.

2.- Obter a información e documentación que considere necesaria a fin de determinar o cumprimento parte das organizacións sindicais das accións conveniadas.

3.- Determinar, segundo a información e documentación establecidas na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

Sétima.- Dereitos e obrigas xerais das organizacións sindicais:

*Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas, atendendo en particular os seguintes requisitos:*

- 1.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público. Con antelación suficiente comprobar o correcto funcionamento das instalacións e equipos, e contar en todo momento co material e persoal de organización mínimo necesario para o correcto desenvolvemento das actividades.*
- 2.- Dar ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo e as condicións da cláusula oitava.*
- 3.- Presentarlle ao Concello o balance anual de xestión e económico, xunto co inventario actualizado das súas dotacións e instalacións. Así como o informe semestral de xestión e a memoria final das actividades conveniadas conforme coas condicións da cláusula décima.*
- 4.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público participante nas actividades.*
- 5.- Asumir as responsabilidades que procedan da realización das actividades que se convenian, e en particular a contratación laboral do persoal adscrito a estas.*
- 6.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 7.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor, e demais gastos derivados da execución das actividades.*
- 8.- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello. Está obrigada, igualmente, a facilitar tanta información e documentación se lles solicite.*
- 9.- Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
- 10.- Comunicarlle ao Concello, departamento de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas do inicio das actividades, e programación. Obrígaselle, tamén, a comunicarlle cunha antelación mínima de 5 días naturais calquera incidencia que imposibilite ou aprace a execución da actividade.*

Oitava.- Recursos e sistemas de comunicación, información e publicidade.

*A difusión individualizada das actividades e servizos programados con cargo ao convenio correspóndelle a cada organización sindical. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:*

- 1.- A información sobre as actividades, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.*

*.2.- En toda información gráfica editada relacionada coas actividades programas, figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello, e as respectivas seccións sindicais, nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.*

*3.- As organizacións sindicais someterán a conformidade do Concello as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.*

*4.- De todo o material editado, entregaranse 10 exemplares na Concellaría de Participación Cidadá.*

*5.- Dedicar un mínimo dun 10% do gasto das actividades a sistemas de difusión e información: carteis, programas, etc.*

*6.- A publicitar nos medios de comunicación local o servizo de información ao cidadán e sinalizalo nun lugar visible e perfectamente identificado na entrada do local social da entidade. Deberá aparecer a información do logotipo do Concello e o horario de atención ao público.*

#### Novena.-Da participación:

*As organizacións sindicais asinantes comprométese a colaborar e participar activamente nos órganos que se constitúan para o desenvolvemento do Regulamento de participación cidadá e de distritos, así como naquelas actividades institucionais que requiran unha inmediata e directa participación da cidadanía en asuntos de interese xeral ou sectorial da cidade.*

#### Décima.- Réxime financeiro, tramitación de pagos e liquidación:

*1.-O Concello de Vigo, e con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica anual de 41.455 € (Corenta e un mil catrocentas cincuenta e cinco), para repartir por terceiras e iguais partes, entre as devanditas unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG, CCOO, con cargo á partida 4631.489.00. (AD....., ....., exp...../320), que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran no anexo I.*

*2.-O pago realizarase mediante transferencias bancarias ás seguintes contas correntes:*

*UXT: cód.entidade: 2080, cód.oficina: 000073, nº cta. 0040161318.*

*CIG: cód.entidade: 2080, cód.oficina: 012773, nº cta. 0040000194.*

*CCOO:cód.entidade: 2080, cód.oficina: 004067, nº cta: 0040011889.*

*3.-Para de facilitar a administración do convenio poderase tramitar, previa petición das entidades interesadas, un anticipo a conta de ata un 40% da axuda outorgada polo Concello. Deberase xustificar o destino dos fondos nun prazo non superior aos tres meses seguintes a data de ingreso.*

*Con independencia da liquidación final, a xustificación destas entregas a conta, realizarase mediante a presentación das correspondentes informes trimestrais comprensivas das actividades e gasto executado ata ese momento.*

*4.- As organizacións sindicais, unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a memoria final xunto coa seguinte documentación e información vía Rexistro Xeral:*

a) *Solicitud de liquidación final.*

b) *Memoria anual descriptiva das actividades realizadas, conerá os datos da programación desenvolva, participación, asistentes, un exemplar do material gráfico informativo editado, rexistros fotográficos ou audiovisuais, orzamento de gastos e ingresos executados por conceptos económicos de cada unha das actividades e avaliación final.*

*No que atinxe a “memoria do servizo de información e atención ao cidadá” presentaranse os datos de control de forma individualizada segundo o sistema de información utilizado (telefónico, presencial, telemática) con data, nome e apelidos das persoas que solicitaron información, información solicitada e facilitada, usuarios diferidos, control telefónico de chamadas da liña específica do servizo, etc.*

c) *Relación dos gastos efectuados para cada unha das accións acordadas, achegando os datos do emisor da factura, nº de factura, nº do CIF/NIF do emisor, data, importe con todo os impostos incluídos e concepto facturado; achegaráselle a esta as correspondentes facturas orixinais expedidas conforme ao R.d. 1496/2003, de 28 de novembro, pola totalidade do gasto comprometido con cargo ao Concello.*

*A xustificación dos gastos do servizo de información e atención ao público, realizarase mediante a acreditación dos gastos correntes directos relacionados coa prestación do servizo: soldos e salarios do persoal auxiliar de información, servizos telefónicos e de comunicacións, alugamento de equipos para procesos de información, consumibles informáticos, etc.*

Décimo primeira.-*Causas de resolución do convenio, solución e controversias e réxime xurídico:*

*O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.*

*A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola entidade sindical correspondente, do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de intereses de demora dende o momento do seu pago.*

*A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento*

*Réxime xurídico aplicable: o presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei xeral de subvencións no relativo aos procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.*

Décimo segunda.- *Final:*

*Lido por as catro partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asinano e rubricano por cuadruplicado exemplar, no lugar e datas indicados no inicio.*

ANEXO Iº

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2004	ORZAMENTO
<u>UGT.:</u>	
* Servizo de información e atención ao cidadán	10.500.-
* Xornada “a saúde no traballo”	1.020.-
* Xornada “Novo enfoque da negociación colectiva”	1.650.-
* Xornada “Traballo e saúde da muller”.	3.000.-
<u>CCOO.:</u>	
* Servizo de información e atención ao cidadán	8.621.-
* Xornada: “Vigo: cidade de emprego e servizos”	2.350.-
* Xornada: “Xuventude e iniciativas de emprego”	2.600.-
* Xornada: “Xustiza e violencia de xénero”	2550.-
* Xornada :“Traballo e saúde da muller”	3.000,-
<u>CIG.:</u>	
* Servizo de información e atención ao cidadán	13.131.-
* Charla-coloquio: “Situación laboral en Palestina”.	950.-
* Charla-coloquio: “A precariedade laboral e a situación actual do mercado de traballo”.	950.-
* Charla-coloquio: “As minicentraís eléctricas no río Miño e o seu impacto ambiental”.	950.-
* Xornada “IX encontro sindical da muller”.	3.000.-

**16.(1413)- PRÓRROGA DO PROGRAMA DE DEPORTE PARA PERSOAS MAIORES.EXPTE. 11043/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación do 19.10.04, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Sociais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*Por acordo da Comisión de Goberno de 15-10-2001, se adjudicou o concurso para a prestación do servizos do programa de deporte para persoas maiores a Pablo Casal Nuñez.*

*Na cláusula 5 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos dende o día primeiro do mes de novembro de 2001. En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*A Comisión de Goberno acordou prorrogalo contrato por un ano en acordo de 26-05-2003*

*A xefa de Planificación de Servizos Sociais ven de solicita-la prorroga do contrato polo periodo de un ano co que se agotaría o máximo de prorrogas previstas no contrato.*

*A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-11-2004 ó 31-10-2005 do contrato para a execución do servizo do programa de deporte para persoas maiores adxudicado a Pablo Casal Nuñez por acordo da Comisión de Goberno de 15-10-2001.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17.(1414)- PRÓRROGA DE DOUS CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICAS PARA DAR DE ALTA NO PADRÓN DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA EDIFICACIÓNS OMITIDAS OU REFLECTIDAS DE MODO ERRÓNEO OU INCOMPLETO. EXPTE. 30850/510.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación do 19.10.04, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Sociais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*Por acordo da Comisión de Goberno de 29-12-2001 se adxudicou a asistencia técnica para dar de alta no padrón do IBI edificacións omitidas ou reflectidas de modo erróneo ou incompleto da forma seguinte:*

*Lote A: Longo, Ansa y Asociados, S.L.*

*Lote B: Santiago Cucart, S.L.*

*Na cláusula 5 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase que o contrato tería vixencia de dous anos dende o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación, polo que os contatos iniciáronse o día 01-02-2001. Na mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*A Xunta de Goberno local na súa sesión de 26-01-2004 acordou prorrogar os contratos por un ano.*

*A Directora de Ingresos en informe que consta no expediente propón a prorroga do contrato por unha anualidade máis, xustificandoo nos seguintes criterios:*

*1º) O obxecto deste contrato consiste especificamente en acomodar ó rexistro fiscal do IBI á realidade física, xurídica e económica, premisa necesaria para que do Padrón do IBI que se aprobe no exercicio 2005, se deduza unha recadación efectiva.*

*2º) As capacidades recadoras do IBI, en termos cuantitativos, derívanse, moito máis da inclusión de tódolos feitos impoñibles no Rexistro Catastral que dunha razoable xestión dos feitos impoñibles xa rexistrados catastralmente.*

3º) Os traballos incluídos no contrato obxecto de prórroga -que son de carácter moi especializado e interdisciplinar- afectan tanto á administración tributaria do Concello como a Delegación de Economía e Facenda da Administración do Estado (Dirección Xeral do Catastro) e veñen sendo desenvolvidos con notable calidade e eficiencia polas empresas adxudicatarias do concurso adxudicado en 29 de decembro de 2001.

4º) A opción de non prorrogar tería como consecuencia directa e inmediata, na realización dos ingresos de 2005, unha minoración, tanto na partida do Imposto sobre Bens Inmóveis, como no Imposto sobre Incremento de valor dos terreos de Natureza Urbana e na Taxa de Lixo-vivendas.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autoriza-la prórroga para o período 01-02-2005 o 31-01-2006 da asistencia técnica para dar de alta no padrón do IBI edificacións omitidas ou reflectidas de modo erróneo ou incompleto (lote A) adxudicado por acordo da Comisión de Goberno de 29-12-2001 a “Longo, Ansa y Asociados, S.L.”. O importe da prórroga se establece na cantidade de 31.252,63 euros, sen perxuízo da súa actualización de acordo co disposto na cláusula 3 do prego de condicións que rexiu a contatación.

2º.- Autoriza-la prórroga para o período 01-02-2005 o 31-01-2006 da asistencia técnica para dar de alta no padrón do IBI edificacións omitidas ou reflectidas de modo erróneo ou incompleto (lote B) adxudicado por acordo da Comisión de Goberno de 29-12-2001 a “Santiago Cucart, S.L.”. O importe da prórroga se establece na cantidade de 31.252,63 euros, sen perxuízo da súa actualización de acordo co disposto na cláusula 3 do prego de condicións que rexiu a contatación.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18.(1415)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGURO DE VEHÍCULOS A MOTOR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2952/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas de 29.09.04 asinadas polo director de contras administracións públicas da asesoría Aon Gil y Carvajal, e o prego de cláusulas administrativas, correxido sengundo observacións de Intervención Xeral, asinado pola técnica de Admón. Especial do 4.10.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior, ambos para a contratación por concurso dunha póliza de seguro de vehículos a Motor do Concello de Vigo; visto o informe de Intervención Xeral do 27.10.04, o informe xurídico do 20.10.04 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 4.10.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior delegado e o concelleiro de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 281.500 €/ano, para a contratación por concurso dunha póliza de seguro derivadas do uso e circulación de vehículos a motor do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o expediente de contratación dunha póliza de seguro que cubra e garanta as consecuencias económicas de que deba responder o Concello de Vigo, derivadas do uso e circulación dos vehículos a motor dos que sexa titular, integrado polos pregos de Condicións técnicas e cláusulas administrativas para a contratación polo procedemento do concurso.

3º.- Convocar o concurso na forma regulamentaria.

**19.(1416)- AMPLIACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA, IMPRESOS E PAPEL DE FOTOCOPIADORA. EXPTE. 14773/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Patrimonio e Contratación, do 22.10.04, conformado polo concelleiro do Servizo de Patrimonio e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*Por acordo da Comisión de Goberno de 11-03-2002 se adjudicou a subministración de material de oficina, impresos e papel de fotocopiadora da forma seguinte:*

*Lote 1: impresos a D. Juan Manuel Saez Silva*

*Lote 2: material de oficina a Planitec, S.L.*

*Lote 3: papel de fotocopiadora a Guilbert España, S.L.*

*Na cláusula II do prego de condicións que rexeu a contratación establecíase que o contrato tería vixencia durante os anos 2002 e 2003. En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*A Comisión de Goberno do Concello de Vigo de 29-12-2003 acordou prorrogar os tres contratos para o ano 2004.*

*O contrato prestouse ata actualidade de conformidade non habendo incidencias que poideran motivar a súa cancelación, ademáis os prezos ofertados no seu día seguen sendo moi favorables respecto os actuais do mercado especialmente nos que se refire a impresos.*

*En cuanto as cuantías das prorrogas é necesario incrementar as referidas ó papel de fotocopiadora xa que coa masiva incorporación de novas impresoras laser de alta velocidade estase a producir un aumento no consumo de papel (así os listados, as copias dos padróns que antes se facían en papel pautado na actualidade se están a facer en papel Din A4). Respecto do material de oficina se incrementará a cantidade tendo en conta a previsión de IPC e respecto dos impresos a previsión de gasto se realiza tendo en conta valoración dos impresos xa remitidos a esta oficina.*

*Ademáis do anterior por algunhas oficinas que xa remitiron os impresos para o ano 2005 se nos solicita que algun deles se subministren de inmediato xa que ós que actualmente teñen non lle van a chegar ata fin de ano ou son necesidades novas.*

*Entre outros están Estatística (follas de empadronamento), Policía Local (impresos de multas, partes de servizo, medicións sonométricas), Alcaldía (folios membretes, tarxetas, carpetas impresas e diversos sobres); Administración de Tributos (carpetillas plusvalía) e Patrimonio e Contratación (sobres franqueados).*

*Esta ampliación de gasto que ascende a 9.500 euros pode financiarse con cargo á partida 121.6.220.00.02 do presuposto do ano 2004.*

A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobalo gasto de 9.500 euros a favor de Juan Manuel Saez Silva para a confección de novos impresos correspondentes o ano 2004, todo iso de acordo co contrato que lle foi adxudicado por acordo da Comisión de Goberno de 11-03-2002, este gasto se financiará con cargo a partida 121.6.220.00.02 do presuposto do ano 2004.

2º.- Autorízala prorroga para o ano 2004 dos contratos para a subministración de material de oficina, impresos e papel de fotocopiadora adxudicados por acordo da Comisión de Goberno de 11-03-2002 da forma seguinte:

Lote 1: impresos a D. Juan Manuel Saez Silva. O importe estimado da prorroga é de 60.000 euros.

Lote 2: material de oficina a Planitec, S.L. O importe estimado da prorroga é de 21.500 euros.

Lote 3: papel de fotocopiadora a Guilbert España, S.L. O importe estimado da prorroga é de 35.000 euros.

3º.- O expediente tramítase como anticipado de gasto, condicionando a súa execución a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 121.6.220.00.02 do presuposto do ano 2005.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20.(1417)- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 2422/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Patrimonio e Contratación, do 21.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-06-2004 se adxudicou a Cepsa Comercial Galicia, S.A. a subministración de gasolina e gasóleo A e C para o parque central de servizos por un período de dous anos.

No prego de condicións técnicas establecíase como cantidade máxima prevista para a subministración no ano 2004 a de 100.000 euros pois se estimaba un prezo euro/litro de 0,65 para o gasóleo A, 0,43 para o gasóleo C e 0,83 para a gasolina super.

De acordo co informado polo xefe do Parque Móbil a cantidade solicitada para a anualidade do ano 2004 quedou escasa xa que con ela tense que facer fronte o subministro de máis da metade do ano.

Así mesmo os prezos unitarios dos combustibles están a ter un forte crecemento durante esta segunda metade do ano e son máis altos que os que se preveron no momento de inicia-lo expediente de contratación.

A modificación do contrato, neste caso a ampliación do importe máximo debido a desviación do prezo do combustible, é posible de acordo co artigo 101 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas. No caso que nos ocupa atopámonos no suposto de unha causa imprevista xa que o aumento do prezo do combustible non podía ser prevista no momento que se redactou o prego de condicións técnicas.

*Na partida 121.2.221.03.00 existe crédito para afrontar-lo aumento do prezo do contrato.*

*Por iso, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Modificar o contrato de subministración de gasolina e gasóleo A e C para o parque central de servizos do concello de Vigo, adxudicado a Cepsa Comercial Galicia, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-06-2004, no sentido de incrementar en 85.000 euros a anualidade do ano 2004. O gasto con cargo á partida 121.2.221.03.00 do presuposto actual .*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21.(1418)- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTE DE 3.880,49 € A FAVOR DE PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. EXPTE. 322/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informes da oficina técnica, o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver a fianza por importe de 3880,49 euros a favor de GPD. S.A. constituída para responder das obras de cuberta no parque Coutadas xa que as foron recibidas conforme ás condicións do rpego que rexeu a contratación e por transcorrer o praza de garantía. Expte. 3222/241.

#### **22.(1419)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 2841/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a conservación e reposición de zonas verdes e o estudio económico financeiro do servizo, asinados polo enxeñeiro de Montes, o prego de cláusulas administrativas do 7.10.04 asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, ambos para a contratación, mediante concurso, da prestación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo; visto o acordo plenario do 25.10.04 que establece a xestión indirecta mediante concesión administrativa como forma de prestación do devandito servizo, o informe de Intervención Xeral, do 5.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación, do 7.10.04, conformado polo concelleiro de Parques e Xardíns e polo secretario xeral do Pleno, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 3.785.808,70 €/ano para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo que se imputarán á partida 432.6.227.09.00 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas técnicas e condicións administrativas para a contratación, mediante concurso, da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**23.(1420)- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DE D. RAFAEL OJEA PÉREZ AO CONGRESO DE MUSEALIZACIÓN DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS NA CIDADE DE ZARAGOZA. EXPTE. 2470/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contable acreditativos da existencia de saldo suficiente para o gasto que se proprón realizar e de acordo coa proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 28.10.04, conformada polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico e da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de Rafael Ojea Pérez, xefe do Servizo de Patrimonio Histórico ao III Congreso Internacional de Musealización de Xacementos Arqueolóxicos que se celebrará na cidade de Zaragoza entre os días 15 ó 18 de novembro de 2004.

2º.- Autorizar o gasto con cargo ao orzamento municipal vixente de 866,73 € correspondentes aos gastos de inscrición, desprazamento, aloxamento e manutención, conforme ó cadro seguinte:

CONCEPTO	EUROS	PARTIDA APLICACIÓN
Cota de inscrición	105	4531.1620000
Viaxe coche (1669 km)	280,89	4531.2310000
Peaxes autopistas	39,7	4531.2310000
Dieta aloxamento <sup>1</sup> (5 noites)	294,50	4531.2300100
Dietas manutención (4)	146,64	4531.2300100
Total gastos	866,73	

3º.- A concesión dun libramiento para xustificar a nome de Rafael Ojea Pérez, xefe do servizo de Patrimonio Histórico polo importe total de 866,73 euros mediante talón nominativo, para facer fronte aos gastos derivados da súa asistencia ao III Congreso Internacional de Musealización de Xacementos Arqueolóxicos.

**24.(1421)- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIONS LABORAIS NO MARCO DO PROGRAMA LABORA. EXPTE. 2248/077.**

Examinadas as actuacións do expediente, o xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dá conta da concesión de subvencións por parte da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais dentro do marco do Programa Labora, mediante informe

do 27.10.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*Na Orde do 29 de xaneiro de 2004 se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións para a contratación por parte das entidades locais de traballadores desempregados beneficiarios do Programa Labora: Xuventude con experiencia, para a realización de obras ou servicios de interese xeral e social e se procede á súa convocatoria por parte da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. No marco deste programa dirixido á contratación, necesariamente por un período de doce meses, de traballadores/as incorporados/as a unha base de datos tras subscribir un documento de adhesión, menores de 30 anos e sen experiencia laboral, a Consellería, utilizando o contrato temporal de inserción, subvenciona a base mínima do grupo de cotización maila cotización á Seguridade Social das contratacións que se realicen, que, segundo o establecido no vixente Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, se corresponde coas retribución que percibirán os beneficiarios que finalmente participen no citado programa así como coas correspondentes cotizacións empresariais. A Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2004 aprobou a totalidade das memorias redactadas por diferentes departamentos municipais referentes ós “servicios” a prestar mediante o “Programa Labora” e o 31 de marzo de 2004 preséntanse na delegación provincial da Consellería as solicitudes de subvención para esas memorias. O 14 de xuño de 2004 a Xunta de Goberno Local aprobou o procedemento de selección do persoal a contratar polo Concello de Vigo no marco do Programa Labora (Exp. 2372/077).*

*Posteriormente, con data 10 de xuño de 2004 esta concellería recibiu as Resolucións aprobatorias da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, concedendo subvencións, no marco do Programa Labora, para a realización da maior parte dos proxectos solicitados. Agora, con data 26 de outubro de 2004, recíbense novas Resolucións aprobatorias, complementarias das anteriores, para o desenvolvemento dos seguintes servicios:*

Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto	Traballadores/as	Duración (meses)	Subvención concedida*
Arquivo	“Catalogación e inventario do arquivo municipal de Vigo”	5 licenciados en historia 1 auxiliares administrativos Total: 6	12	72.191,04
Gabinete de prensa	“Xornal dixital, tarefas de apoio”	1 licenc. Periodismo Total: 1	12	12.629,48
Biblioteca Pública Central de Vigo	“Servicio de atención ó público...na Biblioteca Pública Central”	6 bacharelato Total:6	12	54.260,64
TOTAL PROGRAMA LABORA (2ª tanda)		13		139.081,16

\* Esta subvención cubre os custos salariais totais previstos na realización das contratacións mediante contratos de inserción.

*Na actualidade, por parte deste Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a realizar as xestións oportunas para a posta en marcha destes proxectos: solicitude á Oficina municipal de Intervención da xeración do crédito correspondente ás subvencións concedidas e presentación diante do Servicio Público de Emprego das correspondentes ofertas xenéricas. O que se informa á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

**25.(1422)- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTE DE 20.000 € A FAVOR DE CONSTRUCCIONES Y DEVOLUCIONES H. PENIÑA S.L. EXPTE. 42528/250.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 22.10.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 28 de maio de 2004, solicitouse permiso de circulación a r/ Rosario esquina Travesía do Rosario, para a derruba dunha edificación, con licencia de obra nº. 47917/421.03. A Policía Local no seu oficio expdte. 16698/2004, nos solicita informe coas condicións para outorgamento da autorización. No informe do Servicio de Vías e Obras de data 31 de maio de 2004, indícase que o peso máximo non superará os 36 TM. e a consitución dunha fianza de (20.000 € - vinte mil euros), polos danos que se poidan ocasionar o patrimonio municipal.*

*Solicitada a devolución da fianza, constituída con número de operación 200400033634 de data 12 de xullo de 2004 e por importe de (20.000 €), con documento de entrada no Rexistro Xeral con núm, 40084957 de data 13 de agosto de 2004.*

*No informe de inspección de data 22 de outubro de 2004, indícase que na visita feita o día sete do mesmo mes, no percorrido efectuado polos camións non se produciron danos no pavimento da calzada.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (20.000 € – vinte mil euros), a favor de CONSTRUCCIONES Y DEVOLUCIONES H. PENIÑA, S.L. depositada na Tesourería municipal con data 12 de xullo de 2004.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**26.(1423)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS ENCADRADAS DENTRO DO PLAN DE VOLUNTARIADO 2002-2005. EXPTE. 52/322.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Oficina municipal de voluntariado, do 2.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración en materia de voluntariado entre a Entidade Local Concello de Vigo e a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para a execución das accións integradas dentro do Plan Galego de Voluntariado 2002-2005, que de seguido se transcribe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO E A ENTIDADE LOCAL CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS ENCADRADAS DENTRO DO PLAN DE VOLUNTARIADO 2002-2005.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2004

REUNIDOS

Dunha parte, a Excm. Sra. Dna. Pilar Rojo Noguera, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude das competencias que lle son recoñecidas polo Decreto 18/2003, do 18 de xaneiro, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

E doutra, D. Lucía Emilia Molares Pérez con nº de DNI 36070250-V, representante legal da entidade local CONCELLO DE VIGO integrada no Plan do Voluntariado de Galicia 2002-2005, na súa condición de concelleira da Área de promoción económica e desenvolvemento local segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto.

EXPOÑEN

Primeiro.-

A Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, inspirada entre outros, no principio de coordinación, determina que a Xunta de Galicia, realizará a planificación da acción voluntaria, coordinando a actuación dos seus departamentos con competencia na materia. Así mesmo, facilitará o acceso das Administracións Locais e das demais entidades, inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, que soliciten a súa incorporación dentro do Plan do Voluntariado de Galicia 2002-2005, aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 18 de abril de 2002, coa finalidade de atender de forma ordenada e global as súas necesidades, sacar rendemento ós recursos dispoñibles, garanti-la calidade e evita-los desequilibrios territoriais.

Segundo.-

O artigo 16.2 da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, modificado pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, e actualizado ó abeiro do disposto no Decreto 195/2003, do 20 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Familia, Xuventude, e Voluntariado e no Decreto 280/2003, polo que se modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, establece que as competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de voluntariado serán exercidas pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, sen prexuízo das actuacións que lles corresponden a cada unha das demais consellerías, en razón da materia. Neste eido correspóndelle o apoio e asesoramento as entidades locais de Galicia con programas de acción voluntaria, así como a cooperación con elas e en particular con todas aquelas coas que participan tradicionalmente as persoas voluntarias.

Terceiro.-

O Decreto 195/2003, do 20 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, e o Decreto 280/2003, polo que se modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, determina que as actuacións nesta materia, serán exercidas pola Dirección Xeral do Voluntariado da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Cuarto.-

*O artigo 7 da Lei 3/2000, configura ás entidades de acción voluntaria como entidades con capacidade para desenvolver programas ou proxectos de voluntariado, no marco das áreas de interese xeral reguladas no seu artigo 4.*

Quinto.-

*A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a entidade local Concello de Vigo, coinciden en que a situación da acción voluntaria en Galicia, require a posta en marcha de medidas activas nos ámbitos de promoción da cultura da solidariedade entre a poboación, impulso, acollemento e formación de persoas voluntarias, así como a creación de redes de proxectos nas que estas persoas poidan integrarse.*

*Neste senso, considérase que esta materia, dado o seu carácter transversal, necesita un tratamento coordinado entre as administracións públicas e o terceiro sector, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global.*

*Á súa vez, conveñen na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a uni-los seus esforzos, de cara a posibilitar unha maior rendibilidade social da acción voluntaria organizada, que conleva a posta en práctica das directrices do Plan do Voluntariado de Galicia 2002-2005.*

Sexto.-

*Que a entidade local Concello de Vigo, está inscrita no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria desta consellería con nº de rexistro L-63 e leva a cabo actividades e programas de acción voluntaria dirixidos a darlle pulo ó voluntariado na cidade de Vigo a través da súa Oficina Municipal e a incentivar a solidariedade como elemento esencial do desenvolvemento social e comunitario.*

Sétimo.-

*Que a entidade presentou ante a Dirección Xeral do Voluntariado unha declaración de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*

Oitavo.-

*En atención a estas consideracións, e co fin de actuar conxuntamente para mellora-las condicións de exercicio do dereito á participación social en proxectos de voluntariado organizados en rede, nas áreas de interese xeral nas que poden intervi-las persoas voluntarias, establécese o seguinte convenio de colaboración entre a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a entidade local Concello de Vigo, con suxeición ás seguintes*

## CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

*O presente convenio de colaboración ten por obxecto, establece-los termos de colaboración, por parte da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, no financiamento para o desenvolvemento de accións de voluntariado, coa finalidade de promove-la participación social a través de políticas activas centradas no marco das liñas estratéxicas sinaladas no programa de voluntariado, das entidades de acción voluntaria incorporadas ou que se incorporen dentro do Plan do Voluntariado de Galicia 2002-2005.*

SEGUNDA.-

*A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en convenio coas entidades cofinanciadoras do plan de voluntariado e a través do programa anual de formación con seus módulos de formación especializada*

por áreas de interese xeral, contribuirá ó financiamento destes gastos cunha contía global de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) con cargo á aplicación 14.05.212F.460.0 (proxecto 2003 00512).

O pagamento desta contía farase do seguinte xeito: ata o 80% da contía total concedida, poderá facerse efectivo mediante pagamentos parciais na medida en que a entidade xustifique debidamente os gastos realizados, segundo o previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo programa, das distintas administracións públicas competentes en calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, deberá presentar certificación xustificativa da finalización das actividades programadas e os documentos xustificativos dos gastos que deberán ser iguais ou superiores á axuda concedida.

Serán medios de xustificación a presentación dunha certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto segundo se establece no artigo 15.2.c) do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### TERCEIRA.-

A entidade local Concello de Vigo obrígase, dentro do seu programa de voluntariado, a realizar proxectos municipais (voluntariado en hospitais, centros da terceira idade, institucións penitenciarias e centros de menores), a formar ós voluntarios, a realizar campañas de sensibilización do voluntariado e a participar cos voluntarios nos seguintes proxectos: voluntariado medioambiental; voluntarios para o desenvolvemento sociocomunitario das asociacións; Ó saír de clase; Educar na solidariedade; A cidade dende os ollos do pasado.

Así mesmo, tamén se obriga a facer constar en todo tipo de publicidade e información que realice ó respecto, a participación e colaboración da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, así como a presentar unha memoria explicativa das actividades realizadas antes do 31 de xaneiro do ano 2005.

En todo caso a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado queda facultada para recabar en calquera momento a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido do presente convenio, e para esixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.

Así mesmo a entidade local estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### CUARTA.-

A data de efectos do presente convenio é desde o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2004, se ben estes poderanse estender ó 1 de xaneiro do presente ano co obxecto de colaborar no financiamento das actividades que ven realizando a entidade asinante co colectivo que traballa.

#### QUINTA.-

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

**SEXTA.-**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

**SÉTIMA.-**

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo regulamentado no Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o Réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por:

- O presidente da entidade local, ou un representante en quen delegue.
- A directora xeral do Voluntariado, que poderá delegar no subdirector xeral do Voluntariado.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Dirección Xeral do Voluntariado.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o exemplar por triplicado e a un só efecto, no lugar e data expresados.

**27.(1424)- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE NOVEMBRO DE 2004.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe de Intervención Xeral, do 2.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de novembro:

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1210	Conserxería	2.074
1212	Parque Móbil	694,45
1216	Patrimonio e Contratación	97,24
2220	Seguridade	730,15
3130	Bienestar Social	34,83

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
3220	Desenvolvemento Local	62,73
4220	Educación	422,60
4324	Electromecánicos	84,83
4326	Parques e Xardíns	50,49
4430	Cemeterios	141,61
4450	Medio Ambiente	1.081,82
5110	Vías e Obras	2.847,58
6110	Servizos Económicos	4,10
<b>TOTAL</b>		<b>8.326,43</b>

### 28.(1425)- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0444795	1.200,00	1.198,98	1,02	
BENAVIDES OTERO NINA	0428422	300,00	242,30	57,70	
DÍAZ DE BUSTAMANTE MARIA PILAR	0436391	20,00	4,39	15,61	
ESPADA RE CAREY LUIS	0434125	500,00	687,05		187,05
“	0430884	500,00	347,28	152,72	
“	0435203	1.000,00	721,05	278,95	
LOPEZ MOURE JESUS	0435241	417.961,10	417.920,70	40,40	
LORENZO PENELA MANUEL XOSE	0446883	339,00	339,00		
OJEA PEREZ IGNACIO	0434148	1.561,83	1.496,29	65,54	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0425717	500,00		500,00	
“	0434126	2.500,00	52,10	2.447,90	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0441076	2.500,00	2.435,42	64,58	
VIDAL ALVAREZ JOSE LUIS	0428430	167,11	167,11		
VIDAL RIOS MANUEL	0449684	1,20	1,20		
<b>TOTAL</b>			<b>425.612,87</b>		

### ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**29.(1426)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REPARACIÓN DE HUMIDADES E OUTROS NO MERCADO DA PEDRA. EXPTE. 42662/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas de data 15.10.04, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o prego de cláusulas administrativas do 15.10.04, asinado polo xefe administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico de dito Servizo, ambos para a contratación por procedemento negociado das obras de reparación de humidades e outros no Mercado da Pedra; visto o acordo da X.Goberno Local do 27.09.04 polo que se aproba técnicamente dito proxecto de obras, o informe xurídico do 20.10.04 e de acordo co informe-proposta, do 16.10.04, do xefe administrativo de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico e o enxeñeiro xefe de dito Servizo, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para o contrato de “Reparación de humidades e outros no mercado da Pedra” elaborado polo servizo de Vías e Obras con data 15.10.04.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado das obras do proxecto de “Reparación de humidades e outros no mercado da Pedra” elaborado polo Servizo de Vías e Obras con data 15.10.04.

3º.- Autorizar o gasto de 58.435,64 € para a contratación das obras do proxecto de “Reparación de humidades e outros no mercado da Pedra” con cargo á partida 511.0.611.00.07 do presuposto vixente para o ano 2004.

4º.- Inicia-lo procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**30.(1427)- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.